



# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)  
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)  
[cabana@concello-cabana.es](mailto:cabana@concello-cabana.es)

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

### Asunto: formalización de contratos e alta na Seguridade Social de 4 peóns de limpeza viaria para o Programa de Integración Laboral (PEL 2019).

Visto que por Resolución de Alcaldía se acordou convocar, con carácter urxente, o proceso selectivo de persoal para a 5 postos na cuadrilla de obras e 4 postos na cuadrilla de limpeza viaria do Programa de Integración Laboral (PEL concellos 2019).

Visto que foi presentada unha oferta de Emprego no Servizo Público de Emprego de Carballo para a contratación de 4 postos de peóns de limpeza viaria con data do 02/05/2019, para a que foron remitidos ao servizo de emprego e desenvolvemento local do Concello de Cabana de Bergantiños un total de 23 Curriculumus Vitae (CV) no formulario da selección da oferta 12-2019-6024.

Realizada a comunicación vía telefónica da recepción dos CV aos candidatos propostos polo SPEG, e visto que rematou o prazo de instancias aberto según o previsto na base 5 das bases aprobadas que rexen o proceso selectivo.

Vistas as actas nº1 e nº2 do tribunal de selección da cuadrilla de obras dos días 27/06/2019 que inclúen a valoración de fase de concurso e a de oposición e a valoración total dos candidatos, así como a proposta de adjudicacións das prazas e a clasificación por orde decrecente das mesmas.

Visto o decreto nº 331/2019 con data do 01/07/2019 de nomeamento de 4 peóns de limpeza viaria e visto que os adjudicatarios presentaron en forma e prazo a documentación necesaria conforme ao establecido na cláusula oitava das bases de selección para a súa posterior formalización do contrato, e en virtude da competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO**:

**Primeiro:** dar de alta na Seguridade Social e formalizar o contrato laboral temporal a 4 peóns de limpeza viaria, con data de inicio 15/07/2019 e con unha duración de 3 meses a xornada parcial (5h/día) para a **cuadrilla de limpeza viaria** aos seguintes aspirantes nomeados:

1. Barreira Rodríguez M<sup>a</sup> Consuelo
2. Martínez García M<sup>a</sup> Teresa
3. Pérez Maroñas Ana Belén
4. Varela Figueiras Cristian

**Segundo:** publicar este acordo no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web municipal, de conformidade co previsto nas bases de selección.

**Terceiro:** dar conta o pleno na vindeira sesión que se celebre e dar traslado á intervención e a tesoureiría municipal.

En Cabana de Bergantiños, documento asinado dixitalmente segundo se indica na banda lateral.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cabana de Bergantiños <https://sede.concello-cabana.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)